# ACTIVIDADES

# DE

# L. GALEGA 1º

# FICHA 6. Conto

Nome ______________________________ Data ______________

## O gaiteiro e o lobo



Un gaiteiro volvía para a casa.
Era noite e ía a pé polo monte.

De súpeto, oíu un ouvido de lobo.
E ao pouco viuno diante del.

Co susto, o gaiteiro apertou o fol
da gaita. E o lobo, ao oír o son,
escapou.

Desde entón cando pasa
de noite polo monte,
o gaiteiro vai tocando.
Así escorrenta o lobo
e tamén o seu medo.

Lingua+

**1** Marca a opción correcta.

- ☐ O lobo asustouse co son da gaita.
- ☐ O lobo asustouse ao ver o gaiteiro.

| p | m | l | s | t | d | n | h | nh | f |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| r-rr | c-qu | g-gu | r | b-v | z-c | x | ll | ñ | ch |

# FICHA 5. Conto

Nome ______________________ Data ____________

## Que regalo!

O galo Quico topou unha pequena semente no curral. E comentou:

—Que semente tan raquítica!

Meteuna nun tarro con terra, regouna e...

Pasadas unhas semanas saíu un rico regalo.

—Oh, unha leituga! Co que me gusta!



Lingua+

**1** Que naceu da semente? Debuxa no tarro.

**2** Que fará despois o galo coa leituga? Completa.

Ao final o galo ____________ a leituga.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| p | m | l | s | t | d | n | h | nh | f |
| r-rr | c-qu | g-gu | r | b-v | z-c | x | ll | ñ | ch |

# FICHA 4. Poema

Nome ______________________ Data ____________

## Ras reunidas

As ras fan reunión
na Fonte das Penas.

Sentadas en roda
rin e parrafean.

Despois pola lama
saltan e enredan.

E no remanso do río
nadan e reman.



Lingua+

**1** Risca o que non fan as ras do poema.









**2** Onde se reúnen? Subliña no texto o nome do lugar.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| p | m | l | s | t | d | n | h | nh | f |
| r-rr | c-qu | g-gu | r | b-v | z-c | x | ll | ñ | ch |

# FICHA 3. Poema

Nome ______________________________ Data ______________

## Pimpín

Todo o día o pimpín
entoa unha melodía.

«Pin-pin-pin!»
á saída do sol.

«Pin-pin-pin!»
ao mediodía.

E á noite «Pin-pin-pin!»
dá a despedida.



Lingua+

1 Arrodea con lapis de cor o canto do pimpín.

2 Que momentos son? Escribe.





| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| p | m | l | s | t | d | n | h | nh | f |
| r-rr | c-qu | g-gu | r | b-v | z-c | x | ll | ñ | ch |

# FICHA 2. Poema

Nome ______________________________ Data ______________

## A pelota!



Suso soltou a pelota
e a pelota saltou:
do piso ao teito,
do teito á mesa
e da mesa á pota.

Aa ai! Saltou a pelota
á pota da sopa!

Lingua+

**1** Marca onde se meteu a pelota do poema.





**2** Sinala.

piso



teito

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| p | m | l | s | t | d | n | h | nh | f |
| r-rr | c-qu | g-gu | r | b-v | z-c | x | ll | ñ | ch |

# FICHA 1

Nome ______________________________ Data ______________

## A Lúa



A Lúa aluma
a Pepe, a Luísa
e as lilas.

A Lúa aluma
os sapos,
e os álamos.

**1** Escribe os seus nomes.













| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| p | m | l | s | t | d | n | h | nh | f |
| r-rr | c-qu | g-gu | r | b-v | z-c | x | ll | ñ | ch |

# A letra Ñ

Nome ______________________ Data ______________

**1** Relaciona e escribe.





baňeira

cociña

golfiño

galiña





**2** Fíxate no modelo e escribe palabras acabadas en -iño e en -iña.



paxaro ▸ paxariño

peixe ▸ ______

caixa ▸ ______

feixe ▸ ______

reixa ▸ ______

**3** Ordena as palabras e escribe a oración.



Os | piñas. | piñeiros | teñen

______________________________

# O dígrafo CH

Nome ______________________________ Data ______________

**1** En cal non soa Ch? Di os seus nomes e risca o intruso.



**2** Relaciona.



bicho

billa





facho

ficha





pucho

percha





rocha

rolla



**3** Escribe unha oración referida a cada imaxe.

| Charo | chaqueta |





| Moncho | mochila |

Lingua+

# As letras C e Z

Nome ______________________ Data ______________

**1** Arrodea as palabras que conteñen o son Z.
Despois, cópiaas onde corresponda.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| cempés | maraca | cinto | pico | zume |
| campás | mazás | quinto | pazo | cume |

Con z ▶ ______________________

Con c ▶ ______________________

**2** Completa con c ou con z.

 no ▶  no es

 xi ▶  xi es

**3** Cal é a cazadora de Celia? Arrodea.

A cazadora de Celia
ten un lazo azul
encima do peto dereito.



# O dígrafo LL

Nome ______________________________ Data ______________

**1** Le e copia as palabras con ll.

Ten o pallaso o nariz vermello
e os ollos pintados de amarelo.

**2** Numera.

☐ cullerada de lentellas

☐ mollo de palla

☐ ramallo de carballo

1 

2 

3 

**3** Escribe unha oración con tres destas palabras.

merenda | filloas | follas | Guillerme



# A letra G e o dígrafo GU

Nome ______________________________ Data ______________

**1** Di os nomes e colorea só os que conteñen o son G.

     

**2** Le a nota e arrodea o que precisas.

  

  




**3** Completa seguindo o código. gu g

  

| ___indas | ___orra | e___ua |
|---|---|---|

  

| fo___etes | ___aita | ___iso |
|---|---|---|

# A letra R (son suave)

Nome ______________________ Data ____________

**1** Onde soa R suave? Le en voz alta, arrodea e copia.

serea coral redes
rosca faro mar correa areal

**2** Marca a opción que lle corresponde a cada imaxe.



☐ tesoira
☐ tesouro



☐ luar
☐ lura



☐ marmelo
☐ martelo



☐ horta
☐ hora

Lingua+

**3** Completa con r ou con rr.

O pi___ata do ga___fo de fe___o
e a pata de madei___a
toca a ha___mónica
a___imado á palmei___a.



# A letra R e o dígrafo RR

Nome ______________________________ Data ______________

**1** Completa con r ou rr.

 ato

 ede

 se a

 po o

 ta o

 oda

**2** Separa catro palabras que conteñen o son R forte e copia cada unha no seu lugar.

RAPOSOREPOLOTORRADATERRA









**3** Escribe unha oración usando estas palabras.

Raúl

arrola



# A letra C e o dígrafo QU

Nome ______________________ Data ______________

**1** Completa con c ou qu e copia.

___ume al___alde ___an es___ola

es___uro ___opia pa___ete e___ipo

**2** Localiza na sopa de letras tres palabras con qu e escríbeas.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Q | U | S | P | E | Q | O | T | I |
| P | E | Q | U | I | N | É | S | N |
| E | S | Q | U | E | L | E | T | O |
| T | A | Q | U | I | M | O | N | O |


▶ ______________


▶ ______________


▶ ______________

**3** Completa coa palabra axeitada.

esquíos esquís



Os ______________ son pequenos e rápidos.

Lingua +

# A letra T

Nome ______________________ Data ______________

**1** Que palabras teñen t? Pinta.


leite


salame


polea


peto

**2** Arrodea unha casa si e unha non, e escribe.

| | | | |
|---|---|---|---|
| pei | ta | te | is |



| | | | |
|---|---|---|---|
| te | mu | a | ti |



| | | | |
|---|---|---|---|
| tou | la | pa | to |



**3** Onde está cada un? Sigue o camiño e escribe.

Tomé

Maite



patio

pista



está na



na

# A letra D

Nome ______________________ Data ____________

**1** Completa con da, de, di, do, du.


tol ___


mol ___



moe ___


me ___ as


me ___ sa

**2** Escribe cada palabra no seu lugar.

espada
lámpada
pomada
padiola


___


___


___


___

**3** Completa a oración e cópiaa.

Delia

limoada

A tía ______ toma ______

___

